

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
do 23 de febreiro de 2017**

**ACTA Nº 5/2017**

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de febreiro do ano dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

**PERSOAS ASISTENTES**

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

**ORDE DO DÍA**

A Parte dispositiva.

1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (26.01.2017).

2 APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2017".

3 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2017.

4 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE MUROS PERCIBA, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍA COAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE.

5 MOCIÓN DO BNG PARA ANULAR O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DE LIMPEZA E CONSERXERÍA.

6 DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

7.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B Parte de control dos órganos de goberno.

8 MOCIÓNS DE URXENCIA.

9 ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*

A Sra. alcaldesa dá comezo á sesión ordinaria do Pleno da Corporación de febreiro de 2017.

**A Parte dispositiva.**

**1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (26.01.2017).**

Votación: unanimidade

Acordo: Apróbase a acta da sesión do Pleno ordinario do 26 de xaneiro de 2017

**2 APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2017”.**

A Sra. alcaldesa explica que o aprobado no Pleno anterior é unha priorización e que neste momento van a falar dunha proposta do POS+, que recolle as propostas do Partido Popular e o Partido Socialista e o falado na xunta de portavoces, que coincide co que se aprobou hai uns minutos no Pleno extraordinario solicitado polo Partido Popular.

Que son varias as obras que se inclúen e explica que o POS + ademais de obras ten unha parte que hai que destinar, obrigatoriamente, a pago a provedores, facturas que teñen que cumprir uns requisitos determinados pola Deputación, e só había facturas por un importe total de dez mil seiscientos euros, aproximadamente, que cumpren os requisitos polo que esa é a cantidade que se destina ao pago a provedores.

En canto á débeda, porque un dos plans que forma o Plan único é o PAI, e hai unha cantidade que destinar obrigatoriamente a débeda, que o mínimo é o 30,22% e que o que se destina a redución de débeda, é un total de 78.943,14 euros.

Que logo se propón destinar unha partida de 180.000 euros a gasto corrente e que é para dúas cousas fundamentais. Por un lado para poder manter unhas liñas que a Deputación deixa de subvencionar con este Plan único que está formado polo POS, PAS e PAI pero elimina once liñas de subvencións: cultura, deporte, igualdade, promoción e turismo, etc.

Que dos 180.000 euros de gasto corrente, unha parte sería para garantir o mantemento desas actividades que se viñan facendo estes anos nesas liñas.

Que a outra parte é para poder responder a esa solicitude do Partido Socialista de incremento da prestación en axuda a domicilio e para facer posible, ou polo menos máis fácil, a creación de dúas prazas de Policía Local.

Que ao non poderse facer directamente co POS+, métese en gasto corrente para, de xeito indirecto, poder atender tanto a solicitude do Partido Socialista como os acordos da xunta de portavoces e ratificada na comisión informativa.

Ademais destas cantidades as obras que se propoñen son:

-Mellora e reparación do cemiterio da Atalaia, que aínda que xa se nota mellora co contrato de mantemento que se fixo, hai obras que son necesarias como o arranxo dos panteóns, urbanización e mellora de accesibilidade.

-Mellora do camiño no lugar de Torea, que é unha obra dun importe elevado porque se trata de arranxar o camiño que entra por un lado do lugar e sae polo outro e que é unha actuación que vai deixar o lugar de Torea nunha situación moi digna.

Esta obra parécelle moi importante porque sempre se fala de revalorizar o rural e que dunha vez que se actúa alí, por proposta do Partido Popular, decidiuse facer unha obra de calidade para que ademais de mellorar o acceso se valorice ese lugar.

-Mellora de infraestruturas hidráulicas na Ribeira do Maio, con esta obra preténdese resolver varios problemas coas pluviais que se acumulan riba da estrada xeral provocando perigo para os vehículos e evitar que moita desa auga acabe bombeada na rede de saneamento.

Que no lado de abaixo tamén hai un problema de saneamento pois desde o remate do cruce das carrilanas ata a estación de bombeo non hai rede e dotaríase de rede de saneamento separativa a esa zona, o cal vai incidir directamente na calidade da auga da ría.

Que tamén se renovan as beirarrúas desa beira que levan sen arranxos desde que se fixeron e que quedarán unhas beirarrúas accesibles e seguras para os peóns ao mesmo tempo que se reordenan os aparcamentos da zona.

-Mellora da praza do Cristo de Tal, é unha obra que contaba coa unanimidade de toda a Corporación. Que vai consistir en tirar o palco e mellorar a praza. É unha obra demandada desde hai moito tempo.

-Ampliación de vestiarios do campo de fútbol Eleuterio Balayo, que tamén é unha obra demanda de hai tempo.

-Camiños na Rateira e Vistavós e Agra de Filgueira, son melloras de camiños que van no plan complementario pero que o equipo de goberno conta que son obras que se van facer segundo lle trasladaron ao concelleiro de Obras nunha reunión na Deputación onde explicaron o novo plan.

Que esta proposta pretende recoller as achegas feitas polos grupos da oposición e sobre todo o acordado na xunta de portavoces do 23 de xaneiro.

A Sra. Monteagudo, do Partido Popular, di que pensa que a xestión que o goberno de CxG e da Sra. Alfonso en particular, respecto da aprobación deste plan vai quedar nos anuais do municipalismo como exemplo do que nunca se debe facer e menos un goberno en minoría.

Que como xa relataron no Pleno anterior, presentaron o 17 de xaneiro unha proposta, que non se lles fixo caso, que os convocaron a unha xunta de portavoces, onde fixeron unha posta en común e acordouse o que se aprobou no Pleno anterior. Que non tiveron máis noticias, que chamaron, preguntaron, non sabían nada, pediron a celebración desa comisión e tampouco se convocou. Que días despois convocan a unha xunta de portavoces que non se chegou a celebrar porque foi desconvocada media hora antes da súa celebración alegando que disque din, que dicimos que non serve para nada.

Que pensan que non se pode facer resolucións da Alcaldía como quen escribe comentarios no *Facebook* porque todo o que a Sra. alcaldesa criticou na anterior lexislatura o está reproducindo: as *venadas*, desatender as solicitudes da oposición, non convocar os órganos municipais para debater as propostas... Facendo un alarde de mimetismo coa Sra. González que os ten pasmados despois do que teñen escoitado da súa boca.

Que a xestión de CxG respecto deste tema fixo que a posibilidade de que o Concello de Muros perdese estas axudas por importe de setecentos cincuenta mil euros fora efectiva e real. E que ante esa perspectiva pediron a convocatoria dun Pleno extraordinario, que se acaba de celebrar, buscando un acordo que vinculara o goberno local xa que ignorou todas as outras tentativas de diálogo que propuxeron.

Que cando solicitaron o Pleno, que tamén pediu a portavoz socialista, lle viron as orellas ao lobo e, o seu grupo mostrou, unha vez máis, a súa dispoñibilidade de falar e chegar a acordos deixando de lado as mostras de incompetencia e as faltas de consideración da Sra. Alfonso porque o seu interese é que o Concello mellore e non perda oportunidades aínda que teñan que tragar cos seus desplantes.

Que finalmente elabórase unha proposta coa que non están totalmente de acordo pero que entenden que recolle no principal as obras que propoñía o seu grupo: a reforma da praza do Cristo de Tal, a mellora e ampliación do cemiterio da Atalaia (recórdalle á Sra. Alfonso que o Partido Popular presentou dúas mocións e que foron aprobadas por unanimidade) e a ampliación dos vestiarios do campo Eleuterio Balayo en Muros, a reordenación dos aparcamentos e infraestruturas na Ribeira do Maio en Esteiro e a mellora de camiños no lugar de Torea.

Que polo campo de fútbol pasan cada semana centos de rapaces e as instalacións deixan moito que desexar. Que é de esperar que ademais desta obra se reparen as goteiras e o sistema eléctrico da cantina que presenta numerosas deficiencias, como xa comentaron na comisión.

Que os problemas que sofre a zona a Ribeira do Maio son de todos coñecidos, con inundacións frecuentes, saída de fecais e beirarrúas desfeitas. Que é a zona de acceso á praia principal de Esteiro e a entrada ao noso concello, con varios locais de hostalería, e que precisa dunha intervención urxente.

Que por fin a mellora do lugar de Torea vén a solucionar un problema de accesibilidade. Compensar dalgunha maneira os moitos anos de abandono desta parroquia e como dixo a alcaldesa, valorizar o medio rural.

Que na proposta vai tamén un plan complementario no que se inclúen os camiños na Rateira e Vistavós, que están desfeitos, e o acceso á escola de Louro, tamén en mal estado.

Que todas esas obras estaban contempladas na súa priorización.

Que comentaba a portavoz do PSOE, na comisión informativa, que ese plan complementario non se ía facer porque non se fixo nunca, polo que consideraba que Louro e Abelleira non se beneficiarían deste POS e que nun punto da orde do día presentaron unha moción na que piden que os cartos que reciba o Concello de Muros neste POS non sexan menos que o ano pasado e que se esa moción se aproba e a Deputación cumpre, podería executarse sen problema ese plan complementario. Que aí teñen unha oportunidade de demostrar o seu compromiso con este Concello.

Que a información que se lles deu por parte de Intervención e da Alcaldía é que a realización do plan estaba garantida, así que a proposta contempla actuacións en todos as parroquias de Muros excepto en Serres, na que se empregou practicamente todo o POS do ano pasado nunhas obras que levan adxudicadas un tempo e aínda non empezaron.

Que lles parece excesiva a cantidade que se destina a gasto corrente, cento oitenta mil euros, cos que pensan que se poderían acometer outras actuacións urxentes e moi demandadas pola veciñanza.

Que teñen a declaración da Sra. Alfonso de que ese diñeiro vai servir para ampliar o servizo de axuda a domicilio e reforzar a Policía Local e que verán se cumpre a súa palabra porque ata o de agora só o fai cando a presionan.

Que do acordo que tomaron na xunta de portavoces queda pendente unha obra que consideran moi importante, a do Chalón en Muros, que foi apoiada por eles, polo PSOE e polo BNG. Que estes días pasados puideron comprobar a necesidade de acometer unha actuación no Chalón que non se quede no estético e ademais de rematar os accesos e mellorar a cuberta dos pozos, contemple a creación dunha estrutura que faga fronte ás avenidas de auga. Que pensan que buscar financiamento para esta obra debe ser unha prioridade deste goberno así como elaborar o proxecto de obra correspondente e que eles, desde logo, van facer o posible para que se faga máis pronto que tarde.

Que cre recordar que na comisión, a parte do Cine París, que todos e todos estiveron de acordo de que era un edificio practicamente en ruínas, se falou tamén do tema do Chalón. Que estaba recollido e quedou fóra pero que, co que pasou estes días e co que ten pasado noutras ocasións, hai que facer alí unha intervención que non sexa só de reposición do acceso e de cambiar a cuberta. Que haberá que facer unha obra de infraestrutura hidráulica que soporte as avenidas da auga para que non se volvan inundar os baixos de todos os negocios do Curro da Praza.

A Sra. González volve ler o artigo 46 da Lei de bases de réxime local: *“...En este último caso la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria.”*

Dille á Sra. alcaldesa que lle pode chamar como queira ao que acaban de facer no primeiro Pleno pero que está claro que a moción que presentou o PP e ao que lle chamou priorización de obras, é con cargo ao POS+ da Deputación, e que se acaba de aprobar o POS.

Que a Sra. alcaldesa pretenda lear isto, que lle parece normal porque ela non ve a lei pero que vai chegar o día que teña que cumprila.

Que lle advertiron e que ela cre que convocando os plenos xa se salvou pero volve a levar o mesmo e non sacou o punto da orde do día e que dito punto non se pode levar a este Pleno porque o di a lei. Que a Sra. alcaldesa é especialista en incumplir a lei.

Entrando no detalle, que di que a débeda é un porcentaxe, o 25 ou 12, pero que non hai ningún informe de Intervención e que loxicamente á Sra. alcaldesa non lle cren porque é especialista en mentir.

Que están convencidos de que a Sra. alcaldesa non sabe cal é a débeda porque non se fixeron os números.

Que van estar moi atentos a que as obras que se realicen non sexan as que se aprobaron cos votos de todos e todas. Que a Sra. alcaldesa tamén votou a favor.

Que primeiro non dá un informe do que se debe e segundo que minte na proposta porque di que os honorarios da redacción de proxectos son cero para a Deputación e para o Concello e que non saben con que vai pagar.

Que logo di que o concelleiro de obras foi a unha reunión á Deputación e que lle garantiron que se ían facer as obras do complementario pero non llo cren porque a Deputación non sabe canto vai sobrar.

Explica que é moi difícil que lle sobren cartos aos concellos cando hai débedas e que non só son obras, nas que hai baixas, pero que hai tamén amortización de débeda.

Que ao Partido Socialista non lle gustou a proposta porque non a acordou con ninguén e castiga literalmente a Louro, Abelleira e Serres, que é a parroquia máis grande de Muros. Que non hai ningunha obra para Serres nin no complementario.

Que cando gobernaba o Partido Socialista a súa intención era facer todo o saneamento da parroquia de Serres e que o iniciaron facendo varias, dúas en Serres, Virxe do Camiño, a cachiños, como podían coa intención de seguir, porque é fundamental e importantísimo.

Neste POS que había a oportunidade de levar unha grande obra, continuando a que xa está adxudicada, a obra de saneamento da Rocha, e que tampouco vai nada.

Que o Partido Socialista non está de acordo en que se aprobara un POS onde lles menten, lles ocultan informacións sobre o estado das contas, o estado financeiro do Concello, porque non hai nin un só informe, no que non vai ningunha obra en Serres, ningunha obra en Louro.

Que a Sra. alcaldesa dixo que se estaban medindo varios camiños e que non todos tiñan que ir no POS porque se podían facer noutro momento e que lle gustaría saber con qué, porque eles tiñan un orzamento e unha previsión de gasto, pero que ela non ten.

Que, primeiro non lles convence e segundo, cren que é ilegal e que o van presentar arriba e que o señor fiscal diga se cumpren a lei ou non. Que están aínda os tres imputados.

Repite que non se pode levar ao Pleno ordinario porque xa foi no extraordinario e está resolto e porque non hai información financeira que lles está ocultando e que se negan rotundamente a aprobar un plan de obras onde se castiga a parroquia de Serres, a de Louro e a de Abelleira.

O Sr. García di que como xa manifestaron no Pleno extraordinario que seguen sumidos na indignación e un pouquiño abraidos de como se están desenvolvendo os feitos hoxe e que entenden que este esperpento non é digno da veciñanza de Muros.

Que con respecto do plan que se manteñen na mesma postura de que como non se recolleu a súa proposta de dedicar ao Cine París un primeiro investimento, entre outras cousas, ademais das que xa comentaron, porque é un risco evidente para os/as viandantes. Que non é experto en arquitectura pero calquera que mire para el ve que está a punto de caer e que lles parecía moi importante priorizar esa obra.

Que respecto do tema do Chalón, que queda fóra, e que non só non están de acordo, senón que no primeiro Pleno desta Corporación xa falaran da necesidade de adecuar o Chalón e que o repetiron, ao igual que outras moitas propostas, durante moitos plenos. Que seguirán insistindo en que se adecúe toda a zona dos lavadoiros e o acceso á horta de San Xosé e que se poña como merece.

Que a súa postura vai ser a de manterse na abstención, que non entenden ese xeito de proceder e que non lles gusta. Que esperan que todos e todas fagan unha reflexión de como se están a comportar e que non se trata de parecer uns máis listos ca outros e que do que se trata é de axudar aos veciños e veciñas de Muros.

Que se se poñen nesa tesitura todos e todas, será o camiño de que se chegue a algún lado, do contrario que non haberá xeito de sacar nada adiante.

Que están en xogo setecentos e pico mil euros para o Concello de Muros e que quen ten pensado denunciar ante a fiscalía, que non sabe se non se están poñendo en risco eses cartos e que o fai simplemente para demostrar que é máis lista.

A Sra. González di que non vai ser cómplice dun delito e a Sra. alcaldesa pídelle que non interrompa.

Continúa o Sr. García dicindo que non lles gusta ese xeito de proceder.

A Sra. González repite que non é cómplice e a Sra. alcaldesa advírte a por primeira vez.

A Sra. Monteagudo, na segunda intervención, di que non están completamente de acordo coa proposta xa que cren adoce de bastantes cousas, entre elas os informes de Intervención que si os dixo de xeito verbal na comisión e que entenden que están correctamente.

Que efectivamente isto é bastante esperpento e que efectivamente están en risco setecentos cincuenta mil euros e que se a opción é quedarse sen eles ou empregalos nesas obras, que algunhas delas están aprobadas por unanimidade, que eles van optar por aprobalo.

Que está bastante lonxe de ser o ideal, pero que haberá que mollarse e facer algo.

Que o único que esperan é que se cheguen a executar en tempo e en prazo.

A Sra. González di que eles se algo teñen é coherencia e que non van votar esa proposta.

Que queren facer as obras que se acordaron e que están aprobadas e que van estar moi atentos para ver que esas obras se fagan. Que unha das obras da proposta, a de infraestruturas hidráulicas na Ribeira do Maio, non coincide coa aprobada no primeiro Pleno.

Que as obras que se teñen que facer, as aprobadas no primeiro Pleno, non son as mesmas que a da proposta, a do Chalón, a dos vestiarios e a da cantina, a da Atalaia, máis as dos camiños non son as mesmas que as da proposta. E que se esa proposta se aproba cos votos do PP e de CxG que se van coidar moito de que se fagan as obras que se aprobaron prioritariamente.

Que a Sra. alcaldesa dixo que crera á interventora cando dixo canto era a débeda e que a Sra. interventora tamén dixo que as facturas para aprobar de xeito extraxudicial eran os últimos cartos que se debían e é mentira.

Que a Sra. interventora ten que pagar o seu peaxe por traballar desde a casa e que é a Sra. alcaldesa quen llo consente cos cartos da xente de Muros.

Ademais que non van consentir que nun POS de setecentos e pico mil euros se castigue a parroquia de Serres, Louro e Abelleira, sen unha obra.

Que lle parece que os/as representantes do BNG, que son asiduos defensores de Abelleira, deberían facer o mesmo.

Que en dous anos de lexislatura o BNG sempre pide unha antena para Abelleira e que eles están de acordo pero que vexan que non é tan fácil e que non foi por deixades xa que a día de hoxe aínda non chegou. E que todos e todas queren que chegue.

Anuncia que van votar que non e que van comprobar que se executen as obras que se aprobaron.

Que non teñen a seguridade de que se cumpra porque o Grupo de CxG non coñece a lei.

Dille ao voceiro do BNG que a súa intención non é que Muros quede sen esa cantidade de cartos, que a intención do grupo socialista é que a Muros chegue a maior cantidade de cartos de actuacións, etc. E que o levan demostrando moitos anos pois gobernaron moitos anos en

Muros e que os resultados están aí para velos. Pero que outra cousa distinta é que o seu grupo sexa cómplice dun delito.

Di que a Sra. alcaldesa non está cumprindo a lei, nisto, que presenta unha denuncia falsa, inxurias no *Facebook* e que fai o que lle dá a gana. Que están cobrando uns soldos sen modificar o orzamento, que terían que estar todo o día no xulgado e non deberían pero que vai ter que ser porque non poden ser cómplices.

O Sr. García di que deben estar facendo as cousas ben porque sendo aritmeticamente irrelevantes nas votacións (dous concelleiros), o que todos os grupos se preocupen do que eles votan, que se teñen que votar dun xeito ou outro, que quere dicir que valoran moito o seu voto pero que son coherentes e manterán a súa postura de absterse.

A Sra. alcaldesa explica que xusto antes da convocatoria do Pleno do mes de xaneiro, o Partido Popular presentou unha moción con propostas para o POS e outra o Partido Socialista. Que unha foi o mesmo día que se convocaron as comisións informativas e outra o día antes. Que como xa explicou no Pleno de xaneiro, non se incluíron nese Pleno porque falaban de obras para incluír nun POS que requiren algo máis que poñer un nome nun papel.

Que con esas propostas se foi a unha xunta de portavoces na que se adoptou un acordo que é o mesmo que se aprobou hoxe no Pleno extraordinario.

Que logo da xunta de portavoces, na que se acordaron unhas obras prioritarias e na que se propuxeron varios camiños, o grupo de goberno e os técnicos puxéronse a traballar en todas elas, indo a medir e facendo proxectos e informes de bastantes máis obras das que se levan para aprobar na proposta.

Que todo iso leva tempo. Que a Deputación sacou un plan único pero que leva tres plans. Que a Deputación aforra tempo cun só Plan pero traslada aos concellos unha carga de traballo inmensa, en dous meses, cando outros anos se facía en varios meses porque se facía en varias quendas. Polo que en pouco tempo había que valorar un montón de proxectos porque, efectivamente, querían ter en conta as propostas feitas polos grupos da oposición, non só as que ao grupo de CxG lle interesaban.

Que durante este tempo houbo algúns/unhas concelleiros/as que se preocuparon por como ían as obras e que foron atendidos polo aparelador municipal, polo concelleiro de obras e por ela.

Que como lles tardaba a convocatoria da segunda xunta de portavoces, que o Partido Popular solicitou unha comisión informativa e xusto o mesmo día o Partido Socialista tamén.

Que si houbo diálogo e que están os despachos abertos. Que se fixo unha proposta que recolle o acordado naquela xunta de portavoces.

Explica que non está a obra do Chalón porque como xa se explicou a algún/unha concelleiro/a que preguntou, é unha obra que require un estudo máis profundo e detallado que resolva o problema da auga e non daba tempo de metelo e como obras propostas había moitísimas...

Que oxalá se puideran meter todas as necesidades que hai na actualidade no Concello pero que non se pode.

Que a voceira socialista apunta que non van votar un plan que deixe fóra as parroquias de Serres, Abelleira e Louro, pero só queda fóra Serres e que o ano pasado o POS e PAS foi, menos sesenta mil euros dunha obra en Esteiro, todo para a parroquia de Serres, con obras de saneamento e urbanización. E naquel momento o Partido Socialista non tivo ningún problema en que todas as demais parroquias quedaran sen obras.

Parece que ao Partido Socialista só lle importa a parroquia de Serres pero ás demais persoas impórtanlle todas.

Que así como o ano pasado lles pareceu, que era importante facer un esforzo na parroquia de Serres facendo obras de saneamento, nesta ocasión entenden que hai prioridades noutras parroquias que tamén teñen necesidades urxentes.

En relación ao de perder ou non o POS, que comentaron que correu serio perigo pero que ela non tivo, en ningún momento, ningunha dúbida de que se ía aprobar. Que hai moitas persoas que teñen interese en que o POS non se perda.

Que se o Partido Popular ten a ben votar a favor, que é de agradecer.

Dá paso á votación:

A favor: 7 votos (3 de CxG e 4 do PP)

En contra: 4 votos do PSdeG-PSOE

Abstención: 2 votos do BNG

A Sra. alcaldesa da as grazas aos grupos que permitiron que Muros teña POS este ano.

O Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

**“APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE  
COMPETENCIA MUNICIPAL  
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS+ 2017”**

1.- *“Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:*

A) *Financiamento do pago a provedores:*

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i>	<i>10.681,53</i>
<i>Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i>	<i>0</i>
<i>Subtotal pago a provedores</i>	<i>10.681,53</i>

B) *Financiamento de gastos correntes:*

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	<i>180.000,00</i>
<i>Subtotal gasto corrente</i>	<i>180.000,00</i>

C) *Financiamento de investimentos:*

<i>ACHEGA PROVINCIAL 2017</i>	<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Mellora e Reparación do Ceminterio da Atalaía</i>	<i>60.283,74</i>	<i>10.000,00</i>	<i>70.283,74</i>
<i>Mellora do Camiño no lugar de Torea</i>	<i>90.597,13</i>	<i>21.287,72</i>	<i>111.884,85</i>
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2017</i>	<i>150.880,87</i>	<i>31.287,72</i>	<i>182.168,59</i>

<i>ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)</i>	<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Mellora das infraestruturas hidráulicas na Ribeira do Maio</i>	<i>192.937,47</i>	<i>15.777,46</i>	<i>208.714,93</i>
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2016</i>	<i>192.937,47</i>	<i>15.777,46</i>	<i>208.714,93</i>

<i>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017</i>	<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Préstamo Deputación</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Mellora da Praza do Cristo en Tal</i>	<i>79.948,78</i>	<i>0</i>	<i>79.948,78</i>
<i>Ampliación vestiarios do campo de fútbol Eleuterio Balayo</i>	<i>59.998,50</i>	<i>0</i>	<i>59.998,50</i>
<i>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</i>	<i>139.947,28</i>	<i>0</i>	<i>139.947,28</i>

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.*

*D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:*

<i>Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)</i>	<i>Deputación</i>
<i>Subtotal redacción proxectos</i>	<i>0</i>

*E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:*

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais</i>	<i>0</i>
<i>Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles</i>	<i>0</i>
<i>Subtotal achegas municipais</i>	<i>0</i>

*F) Redución de débeda con entidades financeiras:*

<i>Entidade financeira</i>	<i>Número/código do préstamo</i>	<i>Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda</i>
<i>Bankinter</i>	<i>0510001883</i>	<i>78.943,14</i>

<i>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</i>		<i>78.943,14</i>

G ) *Resumo:*

<i>SUBTOTALS</i>		<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Total</i>
<i>A- PAGO A PROVEDORES</i>	<i>Achega 2016</i>	<i>10.681,53</i>		<i>10.681,53</i>
	<i>Achega 2017</i>	<i>0</i>		<i>0</i>
<i>B- GASTOS CORRENTES</i>	<i>Achega 2017</i>	<i>180.000,00</i>		<i>180.000,00</i>
<i>C- INVESTIMENTOS</i>	<i>Achega 2017</i>	<i>150.880,87</i>	<i>31.287,72</i>	<i>182.168,59</i>
	<i>Achega 2016</i>	<i>192.937,47</i>	<i>15.777,46</i>	<i>208.714,93</i>
	<i>Préstamo 2017</i>	<i>139.947,28</i>	<i>0</i>	<i>139.947,28</i>
<i>D- HONORARIOS REDACCIÓN</i>	<i>Achega 2017</i>	<i>0</i>		<i>0</i>
<i>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</i>	<i>Achega 2017</i>	<i>0</i>		<i>0</i>
	<i>Achega 2016</i>	<i>0</i>		<i>0</i>
<i>F- REDUCIÓN DÉBEDA</i>	<i>Préstamo 2017</i>	<i>78.943,14</i>		<i>78.943,14</i>
<i>TOTAL</i>	<i>Achega 2017</i>	<i>330.880,87</i>	<i>31.287,72</i>	<i>362.168,59</i>
	<i>Achega 2016</i>	<i>203.619,00</i>	<i>15.777,46</i>	<i>219.396,46</i>
	<i>Préstamo 2017</i>	<i>218.890,42</i>	<i>0</i>	<i>218.890,42</i>
	<i>TOTAL</i>			

2.- *Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

<i>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</i>	<i>Orzamento</i>
<i>Mellora de camiños na Rateira e Vistavós</i>	<i>103.674,30</i>
<i>Mellora do camiño da Agra da Filgueira</i>	<i>49.364,66</i>

TOTAIS	153.038,96

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

### **3 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2017**

A Sra. alcaldesa explica que son facturas que están sen aprobar e a maioría son de electricidade, que hai unha do 2012, unha do 2013 e unha cota da Mancomunidade de 2014. Logo que son facturas do ano pasado que non tiñan partida suficiente.

Que se comentou na comisión informativa que o problema de ter que facer recoñecementos extraxudiciais é porque non temos orzamento e que xa comentara que si o temos e que o volve a repetir.

Que non é un orzamento que o equipo de goberno lle guste pero que é un orzamento que aprobou no seu día o Partido Socialista porque a situación do Partido Popular o consentiu.

Que temos orzamento, igual que o ten Mariano Rajoy, do mesmo xeito.

Explica que un orzamento é unha previsión de ingresos e gastos e que como tal pode resultar máis acertada ou menos.

Que se leva facendo un esforzo importantísimo de depuración de facturas durante este tempo e que como resultado dese proceso o período medio de pago a provedores pasou de 103 días a 44,76. E se se aproba este recoñecemento extraxudicial estarían nos 30 días, que permitiría cumprir a lei.

Que isto quere dicir que a aprobación deste recoñecemento extraxudicial significa que o Concello de Muros puidera cumprir a lei no período medio de pago a provedores.

Que hai outra cuestión importante que é que se a partida se acaba o Concello non vai pechar as instalacións municipais: piscina, servizos sociais, casa do concello, bibliotecas. Que non vai pechar os servizos municipais nin deixar sen iluminación pública as rúas.

Que hai subministracións que hai que manter, facturas que dalgún xeito hai que abordar pois non se poden pechar eses servizos.

Que non pagar esas facturas é un problema e que agora mesmo a única maneira é por recoñecemento extraxudicial de crédito.

Que se non se aproba, algúns provedores quedarán sen cobrar. E que cando corten a luz a responsabilidade será de quen non queira aprobar estas facturas.

Que logo está o tema do enriquecemento inxusto e o Concello non pode incorrer nel e que se hai empresas que realmente prestan un subministro ou fan unha obra, teñen que cobrar.

Continúa dicindo que todas as facturas están comprobadas e que desde Intervención lle din que serían as últimas facturas, salvo que apareza algunha rara por aí, pero que en principio isto sería o final dese proceso de depuración que levan facendo todo este tempo.

Dá paso a rolda de intervención:

A Sra. Monteagudo di que presentan un recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 176.531,86 euros, con facturas do exercicio 2016, practicamente todas de Gas Natural Fenosa. Facturas que non se pagaron no seu momento e que din que por falta de crédito pero que eles pensan que son outras as razóns: a primeira porque todas esas facturas teñen un reparo suspensivo de pago por parte de Intervención polo que non se poderían pagar aínda que houbera crédito e segundo, pola falta dun orzamento adecuado que non se molestaron en facer para o exercicio 2016.

Que lles chama a atención que a pesar de todo ese traballo de depuración que din que levan feito, aparece unha factura do mes de xullo de 2014 e que parece imposible que con tanto traballo e con todos os recoñecementos extraxudiciais que levan feito, se lles quedara atrás unha factura de hai tres anos.

Que dicir que coa aprobación deste recoñecemento extraxudicial de crédito, o goberno de María Xosé Alfonso reducirá a débeda a provedores do Concello de Muros a cero euros, é unha auténtica tomadura de pelo tanto para os membros da corporación como para a veciñanza de Muros.

Que non están falando de facturas doutras lexislaturas e de gobernos anteriores, que están falando de gastos de hai catro días, dos que este goberno é responsable.

Que compren o que non poden pagar porque din que non tiñan crédito e agora que o Pleno lle amaíña a desfeita, que recoñeza débeda, que levante o reparo de Intervención a esas facturas e que o crédito deste exercicio se destine a pagar facturas pasadas para que dentro duns meses esteamos igual porque non quedará crédito para pagar as facturas deste ano e volveremos a empezar.

Que están metidos nun círculo vicioso do que non van saír ata que presenten un orzamento en condicións.

Que o reparo de Intervención ten que ver co xeito de contratar o subministro da luz e que a alcaldesa díxolles no Pleno do mes de novembro, cando lle preguntaron se ían contratar o servizo subministro de enerxía eléctrica tal e como lle estaban advertindo reiteradamente desde Intervención, que estaban traballando, en breve, calquera día. Outra mentira.

O informe de Intervención do 15 de febreiro deste ano, dous meses e medio despois, di claramente que non lle consta o inicio de ningún expediente de contratación do servizo.

Que en novembro non fixo ningunha mención de que as partidas de enerxía eléctrica estaban esgotadas e tampouco nas modificacións orzamentarias dos meses de novembro e decembro se tivo en conta este problema.

Dille que teñen que facer o orzamento, xa. Que cando teñan os números para este exercicio que poderán valorar se este proceso ten ou non razón de ser e que mentres tanto que non van apoiar máis trámites deste tipo.

A Sra. González dálle a razón á voceira popular e pregúntase cantos recoñecementos extraxudiciais se levaron aos Plenos e di que non hai outro xeito de pagar.

Que a alcaldesa lles vai chorar e dar pena e a dicirlles que os provedores están sen cobrar. Pero que non é certo. Que case todo o importe das facturas son de gasto de subministro eléctrico e que van acabar cortando a luz.

Que o problema de que estea sen pagar a luz é debido as prioridades da Sra. Alfonso porque seguro que todos cobraron as nóminas. E que esas son as súas prioridades e pouco lle importan os provedores pois se lle importaran non chegaba con cento setenta mil euros sen pagar.

Que a Sra. interventora dixo, xa que ten que pagar a peaxe do gran favor que lle está facendo a alcaldesa de xeito ilegal (aínda que di que quer cumprir a lei) porque lle está permitindo traballar desde a casa sen ningún tipo de acordo.

A Sra. alcaldesa pídelle que se cinga ao punto da orde do día.

Continúa a Sra. González dicindo que a Sra. interventora, que ten que pagar unha peaxe, díxolles que non se debía unha factura máis, pero é mentira da Sra. interventora, porque eles saben positivamente que hai xente todos os días esperando na porta pedindo facturas para cobrar da última lexislatura.

Que a Sra. alcaldesa non vai dicilo, que o que fai e ir chorar e dicir que non pagan por culpa da oposición e que en realidade non pagan porque gastaron o que non debían e gastaron mal.

Que leva as da luz porque son as que non chaman a atención pero que ten que levar outras que si chaman a atención e xa as pagaron.

Que existen bastantes máis facturas sen pagar. Que non é a última vez que van levar recoñecementos extraxudiciais de facturas e que non van votar a favor.

Que paguen as facturas e que saiban priorizar os gastos.

Que a Sra. interventora lle repara eses pagos e que os levan ao Pleno para que o levanten e que o ten que levantar a Sra. alcaldesa e asumir as consecuencias.

Que se Gas Natural Fenosa queda sen cobrar que é culpa da alcaldesa porque o que teñen que facer é cingirse a ese orzamento, que non lle gusta nada, pero que son incapaces de facer outro orzamento como o que deixo feito o Partido Socialista.

Que lles gustaría saber cal é o estado de gasto dese orzamento porque moito se temen que nas modificacións de crédito que se levaron a Plenos anteriores, que en máis dunha ocasión se baldeiraron as partidas de Servizos Sociais, e non saben para onde foron. Pero que o teñen oculto e caladiño.

Que a Sra. alcaldesa di que van falar con ela e explica todo pero que é a persoa máis escura e que ten que tapar. Do contrario que terían un orzamento riba da mesa cos números claros.

Quen lle recorda a cando estivo a alcaldesa gobernando co BNG que pasou o mesmo. Que cando chegou o Partido Socialista encontrouse cun bombo.

Que a alcaldesa fala pero non ensina papeis e que no informe de Intervención en ningún lado a interventora asina que sexan as últimas facturas pendentes.

Que se alguén lle pagou aos provedores foi o Partido Socialista e que aprobaron o Plan a provedores. Que foron os primeiros que lles pagaron, un millón de euros que deixaran pendentes.

Que se a alcaldesa lle quere pagar aos provedores, que xa sabe o que ten que facer: priorizar os pagos. E non ir chorar ao Pleno.

Que nas facturas do recoñecemento extraxudicial, que tamén hai dúas de Henrique, con h, o asesor da Sra. alcaldesa (que a ver de que lle vale, que vai acabar no cárcere).

Que non están os trienios do persoal e que o único que leva son as que non chaman a atención, a luz que é un gasto necesario.

O Sr. García di que antes de nada queren agradecer e recoñecer o traballo de Intervención á hora de depurar o pago a provedores e que é algo no que se leva traballando nesta lexislatura e no que eles insistiron, en varias ocasións, que hai que achegarse a cumprir a lei. E que tamén dixeron, en varias ocasións, que non lles gusta ese xeito de proceder para o pago de facturas.

Que eles van votar a favor desa proposta pero que vinculan o voto a que se presenten dunha vez uns orzamentos para debater. Que non poden estar outro ano con orzamentos prorrogados e aprobando constantemente recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Na segunda rolda de intervención a Sra. Monteagudo di que hai que facer os orzamentos, xa. Que esta é unha medida de presión a ver se se poñen a facelos.

A Sra. González, di que o voto é si, non ou abstención. Que non pode vincular o voto e pregunta se se pode.

Que o que piden todos e todas e que se traian os orzamentos dunha vez e que se lle acabe a incomodidade de gobernar, durante dous anos, cos orzamentos do Partido Socialista.

O Sr. García di que queren ver un orzamento para debater, xa.

A Sra. alcaldesa di que haberá un orzamento para debater, xa, en breve.

Que é tremendo ter que escoitar de quen foi alcaldesa nos últimos catro anos que gastan mal os cartos. Que é increíble escoitalo dalguén que se ventilou no ano 2014 cento cincuenta mil euros en dúas persoas. Só en dúas persoas, que si eran asesores, non como Henrique con h, como ela lle chama, que o que fai é ser avogado do Concello, igual que houbo sempre un avogado que defendera ao Concello nos procesos xudiciais que inevitablemente hai. Que cobra por cada proceso xudicial.

Que un dos seus asesores tamén cobraba por cada proceso xudicial pero a maiores cobraba dous mil cincocentos euros cada mes, por asesorar.

Repite que é increíble escoitar, desa xente, que gastan mal os cartos.

En relación aos trienios, que é un intento máis de confundir a xente. Que nun recoñecemento extraxudicial non se pode meter recoñecemento de trienios de persoal.

Que cre que cando explicou o punto quedou todo bastante claro. Que lles gustaría que as partidas chegaran todas a final de ano pero que hai gastos que son imprevisibles e que hai gastos que se afrontaron no 2015 con cargo ao 2014, no 2016 con cargo ao 2015 porque efectivamente se van consumindo partidas dun ano a outro.

Que cada vez menos e que por iso agardan que sexa o último recoñecemento extraxudicial.

Dá paso á votación:

A favor: 5 votos (3 CxG e 2 BNG)

En contra: 8 votos (4 PP e 4 PSdeG-PSOE)

Acordo:

Queda rexeitado o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2017.

#### **4 MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE MUROS PERCIBA, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍA COAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE**

*“O grupo municipal do Partido Popular de MUROS, conforme ao previsto no regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, preséntalle ao Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:*

**PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE MUROS PERCIBÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍA COAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos concellos dotado con 74 millóns de euros.*

*O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimento e 11 liñas de subvencións (en concreto suprímense as de cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).*

*Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata o de agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.*

*Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría achega total dos plan do anterior goberno.*

*En consonancia con todo isto, o grupo municipal do Partido Popular de Muros propón á consideración do Pleno municipal o seguinte ACORDO:*

*1 Que a Deputación da Coruña garanta que o Concello de Muros, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo.*

*2 Que a institución provincial se comprometa a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de Tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017”*

A Sra. Monteagudo explica que o ano pasado o importe dos plans que a Deputación tiña previsto para Muros superaba en cincuenta mil euros a cantidade que se asignou este ano e que ademais se suprimen outras 11 liñas que, segundo informou a interventora, supoñen uns douscentos mil euros.

Que isto quere dicir que o Concello vai deixar de ingresar douscentos cincuenta mil euros en comparación coas liñas de axuda do ano pasado, da Deputación.

Que lles parece unha cantidade moi importante e que probablemente sería o xeito de poder executar o plan complementario do POS e afrontar unha primeira fase da obra do Chalón. Que pensan que é de xustiza, que polo menos, se lles garantan os mesmos cartos do ano pasado.

A Sra. González di que, efectivamente, leva a confusión o novo plan da Deputación, cando non é así e que se van sacar máis plans. Que o que se fixo foi baldeirar de trámites burocráticos a Deputación da Coruña.

Que lles gusta moito que os poñan de exemplo xa que din que queren recibir o mesmo do ano pasado, e que o ano pasado estaba gobernado o Partido Socialista na Deputación da Coruña. Que non se atreven a poñer como exemplo os catro anos anteriores que foi cando se fixeron os grandes recortes, tanto na Deputación como na Xunta de Galicia.

Que é de xustiza dicir que en anos anteriores, o maior fluxo de subvencións foi desde a Deputación, non desde a Xunta, independentemente de que tamén gobernou o Partido Popular, pero que se viron máis aliviados os concello con cargo á Deputación que con cargo á Xunta.

Que con cargo á Xunta de Galicia sufriron uns grandes recortes e que non lles quedou máis remedio que poñer de exemplo ao Partido Socialista.

Que é intención de todos os grupos da Deputación crear novos plans. Que este Plan foi votado por todos menos polo Partido Popular porque se suprimiron as subvencións nominativas, as das amizades. E que isto é a intención destes plans.

Que se fixo o primeiro, sen necesidade de amizades, e que se van facer máis.

Que lle parece moi ben que se lle esixa á Deputación, á Xunta e a quen sexa, que a veciñanza de Muros nos manden todo o que nos teñan que mandar. Que temos uns dereitos que lles imos reclamar.

Que non lle parece esa a maneira porque é un pouco partidista e non están falando de partidos. Que falan de dereitos.

Anuncia que van votar a favor. E dálle as grazas por poñer de exemplo ao Partido Socialista porque efectivamente o fixeron moi ben.

O Sr. García di que van votar en contra porque entenden que non é necesario pedir que se garanta porque xa vén garantido no propio plan, que no seu punto 2, onde fala das achegas que se farán ao longo do exercicio 2017, que chegaremos a máis de cen millóns no plan.

Para reforzar o dito pola voceira socialista, explica que este plan forma parte do acordo de goberno da Deputación co que se pretende acabar coa discreción á hora de dar as subvencións.

Pon como exemplo que o actual goberno da Deputación reduciu as subvencións nominativas no exercicio 2016, ao 5,2%, cando o goberno do PP, durante o pasado mandato, as subvencións nominativas alcanzaban o 31%, no 2013 e o 28% no 2014.

Que no último expediente de modificación de crédito do goberno que presidía Diego Calvo, o Partido Popular destinou o 95,85% a subvencións nominativas para os concellos gobernados, nese momento, polo Partido Popular, mentres que para os concellos gobernado polo PSOE dedicou o 2,62% e os gobernados polo BNG o 1,49%.

Que así era como se distribuían os cartos na anterior Deputación: a dedo. Que *“todo para mis amigos”* é algo que o alcalde de Noia, Sr. Freire, está poñendo agora de moda tamén.

Que en todos os lados están recibindo ao goberno de Noia e que ata que non houbo moción de censura non lle abrían ningunha porta. Que é significativo para ver como traballa o PP: *“si eres de los míos lo tienes todo y si no ni agua”*.

A Sra. Monteagudo di que están falando dun tema que é actual, que é que este ano os fondos para o Concello de Muros da Deputación da Coruña teñen unha redución de douscentos cincuenta mil euros respecto do ano anterior.

Que queren que ese plan complementario se poida facer e que se poidan afrontar outras iniciativas. E que por iso piden o voto para esta moción.

A Sra. González di que están de acordo co voceiro do BNG e que foi un gran éxito da Deputación da Coruña o acabar con eses *amiguismos* e conseguir que todos os concellos sexan iguais e que a finalidade do Plan + 2017 é reducir os trámites administrativos e implantar uns novos plans para distribuílos de xeito equitativo con todos os concellos.

Aínda así que non teñen ningún problema en votar a favor unha moción que di que se traballe como no ano anterior, que foi o Partido Socialista o que o fixo, que están totalmente de acordo.

A Sra. alcaldesa di que o seu grupo non vai votar en contra dunha moción que pide que como mínimo se manteñan as achegas da Deputación ao Concello de Muros pero que non teñen ningún motivo para desconfiar da Deputación.

Que este ano a achega dos tres plans significa oitenta e tres mil euros máis que a do ano pasado, que compensan a achega da Deputación para esas once liñas.

Que os douscentos mil euros é a partida total, non a achega da Deputación.

Que lles parece ben a proposta pero tampouco teñen ningún motivo para desconfiar da Deputación que, ata o de agora polo menos, ao Concello de Muros o está tratando ben.

A Sra. Monteagudo pregunta se con subvencións nominativas e a Sra. alcaldesa di que unha.

Votación:

A favor: 8 votos (4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE)

En contra: 2 votos do BNG

Abstencións. 3 votos de CxG

Acordo: Queda aprobada a moción presentada polo grupo popular “*PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE MUROS PERCIBA, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍA COAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE*”.

## **5 MOCIÓN DO BNG PARA ANULAR O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DE LIMPEZA E CONSERXERÍA.**

O Sr. García explica que a moción consta de dúas partes pero que na comisión informativa acordaron deixar enriba da mesa a segunda polo que van evitar lela:

*“O pasado mes de decembro o Concello de Muros anunciou a convocatoria dun proceso de selección para a elaboración dunha lista de contratación de traballadores de limpeza e conserxería.*

*Dun xeito incomprendible por parte dun goberno que se declara galeguista e por primeira vez no Concello de Muros as bases que rexerán este proceso aprobouse cun sistema de selección no que non se prevé ningunha proba que acredite o coñecemento da lingua galega.*

*Despois de denunciar esta situación no Pleno da corporación, lonxe de poñer solución, o proceso seguiu o seu trámite.*

*Por isto, desde o grupo municipal do BNG,*

*Propoñemos:*

*Que a Alcaldía dite un decreto anulando este proceso selectivo.”*

A Sra. Monteagudo di que nesta lexislatura, na que levan case dous anos, o BNG tenos afeitados a recortar, retirar as súas mocións. Que supoñen que porque non as pensan moi ben antes de presentalas. Que neste caso pasa algo parecido. Que suprimen unha parte da moción: Aprobación dun novo regulamento para elaboración de listas de persoal. E que piden a declaración de nulidade do proceso de elaboración das listas de contratación de traballadores da limpeza e conserxería porque non se piden coñecementos de galego.

Que aínda que consideran relevante a falta de requisito de coñecemento de galego nas bases, que entenden que debe primar a seguridade xurídica e garantir os dereitos das persoas que se presentaron a ese proceso.

Que entenden tamén que é a Alcaldía a que debe responder por estes feitos xa que ela ostenta a xefatura de persoal e inicia e remata os procedementos.

Que en todo caso a declaración de nulidade, entenden que ten un procedemento regulado e causas taxadas e que a proposta carece de ningún informe a este respecto polo que non é posible valoralo.

A Sra. González felicita ao BNG por retirar a segunda parte da moción porque non estaba ben redactada. Que é algo que hai que debater antes de plasmar nun escrito e poñerse todos e todas de acordo para saber cal sería a normativa que debería haber e deixalo riba da mesa para debatelo entre todos e todas e chegar a un acordo e ver o mellor xeito posible de facelo.

Que, no obstante, están de acordo coa primeira parte da moción porque se é nulo non queren ser cómplices de ilegalidades.

Que hai que arranxalo dalgunha maneira e a única é declarar a nulidade da selección volvendo a facelo.

O Sr. García di que retiraron a segunda parte porque eles si cren no diálogo e no consenso e que entón queren que se aprobe. Que o importante de presentar esa moción é acabar coa discrecionalidade na hora de contratar persoal laboral ou funcionariado neste Concello. Que é unha práctica que, por desgraza, a día de hoxe, non se corrixiu aínda.

Que se demostrou no último proceso e que para iso piden que o proceso, que non se cinguíu á legalidade vixente, se anule e se faga un novo.

Que unha das razón que se daba era a présa que había e aínda non se chamou a ninguén desa lista para traballar, polo que pensan que están a tempo de poder facer o proceso de novo e ben.

A Sra. alcaldesa di que asume toda a responsabilidade de que nese proceso selectivo non estea incluída a proba do galego. Que foi un erro seu, como xa dixo no seu momento.

Que xa tomaron a medidas oportunas para que non volva pasar, xa que é importante para o equipo de goberno o tema do galego.

Que as persoas que os coñecen saben da súa pelexa polo galego durante moitos anos e do seu uso habitual en todos os foros e por todas as vías.

Explica que cando o BNG presentou a solicitude xa rematara o prazo de presentación de solicitudes para as persoas que querían participar, co cal xa naquel momento era un problema anulalo pois entendían que podía haber dereitos desas persoas que se podían vulnerar.

Que a día de hoxe peor aínda xa que está rematado o proceso e cren que agora mesmo é moito máis prexudicial anulalo que seguir para diante, recoñecendo e asumindo o erro. E insiste en que xa tomaron as medidas oportunas para que non volva pasar.

En relación ao regulamento que queda riba da mesa, que xa apuntaron na comisión informativa que non é que lles pareza ben senón que lles parece necesario actualizalo pois aprobarase hai moitos anos.

Que é un regulamento vinculado a unha bolsa de emprego e que require debate, acordo e consenso para que as contratacións sexan mellores.

Que neste actual mandato o que fixeron foi anular as entrevistas persoais, precisamente para que non houbera subxectividade nos procesos selectivos e que apostaron por probas obxectivas e que non se lles ocorre mellor maneira de garantir a obxectividade que as valoración non dependan da impresión que poida ter unha persoa cando a escoitas nun exame oral e que lles parece máis difícil que haxa inxerencias nunha proba escrita.

Votación:

A favor: 6 votos ( 4 do PSdeG-POE e 2 do BNG)

Abstencións: 7 votos ( 3 de CxG e 4 do PP)

Acordo:

Apróbase a moción presentada polo BNG PARA ANULAR O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DE LIMPEZA E CONSERXERÍA

## **6 DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.**

Dáse conta da seguinte información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

- Execución trimestral 3º trimestre 2016.
- Execución trimestral 4º trimestre 2016.
- Informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago a provedores do 4º trimestre 2016.

## **7.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta das resolucións da Alcaldía núm. 1 ao 72 e das actas das Xuntas de Goberno Local, núm. 1, 2 e 3 correspondentes ao 17, 20 e 27 de xaneiro de 2017.

**B Parte de control dos órganos de goberno.**

## **8 MOCIÓNS DE URXENCIA.**

O grupo socialista presenta catro mocións:

## 1) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-POSE RELATIVA Á RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GALICIA ONDE APARCA A CONSTRUCIÓN DO EDIFICIO DO XULGADO DE MUROS.

Debate sobre a urxencia:

A Sra. González explica que cren que é urxente porque é unha resolución que se acaba de tomar pola que o director xeral de Xustiza saca da relación de obras a construír, inversións a facer o Xulgado de Muros, que si estaba contemplado nese plan de obras. Que a inversión que había prevista para o Concello de Muros a destinan a mellorar outros xulgados como o de Vilagarcía, Vigo e Cambados.

Que pensan que non poden consentilo e que é urxente requirirille á Xunta de Galicia para que volva poñer no mesmo plan a construción ou inversión prevista para o Concello de Muros en xustiza.

A Sra. Monteagudo di que pensa que era unha noticia coñecida con tempo suficiente para presentala polo trámite ordinario e non ve a urxencia.

O Sr. García di que están de acordo co que se expón na moción pero pensan que se pode presentar pola vía ordinaria.

A Sra. alcaldesa di que tamén están de acordo co contido da moción pero que non entenden a urxencia e que se pode incluír nun Pleno ordinario.

A Sra. González pide que se inclúa nun Pleno ordinaria pois pola experiencia que teñen é que non se inclúe ningunha das presentadas polo seu grupo.

A Sra. alcaldesa di que queda a petición recollida e que irá ao vindeiro Pleno ordinario.

## 2) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE RELATIVA Á APROBACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MODELO PARA PRESENTAR NAS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA RECLAMAR AS CLÁUSULAS SOLO – TEITO DAS HIPOTECAS DECLARADAS ILEGALES.

Debate sobre a urxencia:

A Sra. González di que o que lle preocupa ao Partido Socialista é o mesmo que lle preocupa á veciñanza e que non pode estar máis de actualidade e máis na cabeza de toda a veciñanza e todos/as españois/las o xeito de proceder para reclamar os seus dereitos sobre a cláusula solo – teito das hipotecas declaradas ilegais: *“En la sentencia de 9 de mayo de 2013, el Tribunal Supremo ha declarado la nulidad de la cláusula suelo-techo por falta de transparencia, condenando a CAJAMAR, BBVA Y CNG a retirarlas de sus escrituras de préstamo hipotecario, siguiendo además lo legislado por el Tribunal Europeo, con la consecuencia de que cada persona que posea una hipoteca, donde puedan concurrir las condiciones que coincidan con lo recogido en las sentencias mencionadas, está en su derecho de reclamar ante la entidad bancaria con la que tenga suscrita una hipoteca o cualquier otro negocio mercantil, y contenga cualquier cláusula que pueda declararse abusiva, y se incardine dentro de lo legislado tanto por el Tribunal Constitucional, como por el Tribunal de Justicia Europeo, previamente o a la vez que la reclamación ante los Tribunales podrá presentar su reclamación, ante dicha entidad, para que de forma amistosa la entidad deudora haga efectiva y reembolse al particular lo que resulte del cumplimiento que la Ley reconoce, independientemente de los acuerdos, la forma de su regularización”*.

Que é polo que o grupo socialista de Muros propón a aprobación dun escrito tipo para que se poña a disposición da veciñanza debido a que se abriu o prazo. Que pasaron eses vinte días para que poidan reclamar de forma urxente e non teñan que someterse a máis gastos.

Que lles parece urxente poñer a disposición da veciñanza ese escrito, de xeito gratuíto por parte do Concello de Muros.

A voceira popular di que non ven a urxencia. Que hai meses ou varias semanas que o Instituto de Consumo está facendo reunións coas persoas afectadas e lles proporciona gratuitamente asesoramento e modelos suficientes.

A Sra. González di que efectivamente se están facendo reunións pero que é a primeira vez que hai un escrito co consenso de todos os grupos. Que se acordou hai dous ou tres días.

Que ven normal que ao Partido Popular non lles pareza urxente pois lles parece fenomenal o que fan os bancos. E que a eles lles parece fenomenal que toda a veciñanza teña a oportunidade, de forma gratuíta, de poder reclamar canto antes e darlle unha seguridade de que teñen a súa disposición un documento.

Que todos e todas coñecen o que pasou coas “preferentes” que andaban uns por un lado e outros por outro e cren que canto máis tempo pase sen poñer a disposición da veciñanza un escrito ou unha fórmula que a xente poida entender e lle solucione o seu problema, pois que moito mellor.

O Sr. García di que entenden que o trámite de urxencia está para outras cousas. Que isto siga o procedemento normal e que chegan con tempo para o Pleno do próximo mes.

Que lles gusta a idea e se se mantén riba da mesa queren propoñer que se garantan os dereitos lingüísticos da cidadanía de Muros e que tamén se presente outro texto en galego.

A Sra. González di que non hai ningún problema que se lle pase a normalizadora e que o traduza.

A Sra. alcaldesa di que entenden que hai tempo suficiente para facelo por vía ordinaria e que hai mecanismos para a cidadanía para reclamar.

Votación:

A favor: 4 do PSdeG-PSOE

En contra: 9 (3 do CxG, 4 do PP e 2 do BNG)

A Sra. González di que as deixan todas solicitadas para o próximo Pleno.

### 3) MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS CONTEDORES SOTERRADOS

*“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO DO PSdeG-PSOE DE MUROS PARA PROPOÑER AO PLENO DA CORPORACIÓN*

*Caridad González Cerviño, Sandra Maneiro Pais, Enrique Riomayor Caamaño e M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro, todos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-POSE de Muros, de acordo co Lei de bases de réxime local – ROF, propoñemos ao Pleno da corporación a seguinte:*

#### *MOCIÓN*

*Desde fai máis de dous anos, por acordo plenario acadado cos votos a favor do grupo de PSdeG-PSOE, e do PP, acordouse a realización dunha obra consistente en colocar contedores soterrados diante de toda a fachada do casco histórico de Muros, co fin de solucionar os problemas que nos tempos de vacacións ou simplemente cando hai pontes, debido a que a poboación de Muros, grazas a afluencia turística, e ás visitas da nosa veciñanza que durante o resto do ano se encontran residindo noutros sitios, e nos visitan, a poboación de MUROS TRIPLÍCASE, xerando grandes problemas co acopios de lixo nos contedores que están en superficie, e que dan moi mala imaxe así como malos olores e demais incomodidades, para todo o mundo, e sobre todo para os hostaleiros que teñen os seus locais moi preto deses acopios de lixo.*

*Visto que transcorreron case dous anos, e dende o grupo de goberno non só renunciaron a ser a sede da Mancomunidade de Lixo, tal e como nos correspondía, senón que son incapaces de solucionar o problema do lixo, mantendo os contedores soterrados sen funcionar, pese a que desde todos os grupos políticos o demandamos en varias ocasións, sen facer caso ao respecto, e aproveitando que dende a DEPUTACIÓN DA CORUÑA, se sumaron, mediante unha achega importante para adquirir novos camións, máis modernos, a apoiar a MANCOMUNIDADE, solicitamos ao Pleno da Corporación de MUROS:*

*Que de forma urxente, vista a proximidade das vacacións do Entroido e Semana Santa se requira da PRESIDENTA DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA, para que se recollan ademais dos contedores en superficie os contedores soterrados, os cales se encontran, porque así se colocaron, nunha zona onde os camións non teñen ningún problema de acceso.”*

Debate da urxencia:

A Sra. González di que lles parece urxente porque o Entroido é na fin de semana e vai haber unha afluencia de xente e que é necesario que inmediatamente se poñan a funcionar xa que logo chega a Semana Santa.

Que non ten sentido que haxa contedores soterrados e non funcionen. Que ao principio había un problema cos camións e agora non hai ese problema.

A Sra. Monteagudo di que vista a situación do lixo que tamén consideran que é urxente.

O Sra. García di que entenden que se podía ter presentada en tempo e forma para que se debatera na comisión informativa pois teñen algunhas dúbidas respecto do que nela se expón xa que non teñen coñecemento de que os novos camións, que aínda non se compraron, vaian estar capacitados para ese tipo de contedores.

Que pensa que a Mancomunidade segue sen poder atender ese tipo de colectores nin cos novos camións.

A Sra. alcaldesa entende que non é urxente por varios motivos: primeiro que os contedores soterrados non se colocaron esta semana. Que levan moito tempo instalados. E segundo porque, aínda que esta fin de semana é Entroido, e aínda que se aprobara a moción esta fin de semana non funcionarían os contedores soterrados como ben sabe a voceira socialista.

Que a voceira socialista tamén sabe que hai dificultades serias para poñer a funcionar este tipo de colectores.

Que pensa que é mellor levala ao próximo Pleno e que se trate na comisión informativa e que se valore se hai dificultades.

Que os problemas do lixo non teñan nada que ver cos contedores soterrados e que non ven que sexa tan urxente a moción.

Votación da urxencia:

A favor: 8 votos (4 do PP e 4 do PSdeG-POSE)

En contra: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

Apróbase a urxencia da moción e a Sra. alcaldesa dá paso ao debate:

A Sra. González defende que cantos máis contedores soterrados haxa, máis capacidade hai de recoller o lixo.

Sobre que non é posible recollelos cos camións novos, que si é tamén cos actuais, pois que cando eles deixaron instalados os contedores soterrados só faltaba poñer un adhesivo, que xa está posto, e unha variña para os camións.

Que o normal sería que a presidencia da Mancomunidade, este ano, fora Muros, pero que como somos uns incompetentes e o goberno municipal non foi capaz de asumir esa presidencia para solucionar moitos problemas que temos.

Que o pasado verán coa cantidade de xente que houbo nos locais de hostalería demos moi mala imaxe, que a xente estea comendo diante duns contedores que cheiran mal e sae o lixo por fóra e que non están cumprindo as necesidades actuais de Muros.

Que seguro que coa xestión da alcaldesa e do concelleiro de Medio Ambiente, agora mesmo, non se pode solucionar nada. Que se dependen deles non se vai solucionar nunca o problema do lixo, que é importantísimo en todos os concellos.

Que a alcaldesa de Lousame quixo seguir coa presidencia da Mancomunidade porque veu que a alcaldesa de Muros era incapaz e que o que se tiña conseguido se ía perder porque xa pasou.

Que a alcaldesa de Lousame é unha persoa moi capaz e que é bo momento para solucionar todo este tipo de problemas. Que a alcaldesa de Muros non é capaz nin de poñer a funcionar os contedores que eles deixaron listos.

Dille á Sra. alcaldesa que hai que traballar para a veciñanza de Muros e que para iso cobra de forma ilegal.

Pide por favor que poñan a funcionar os contedores e que recollan o lixo.

Que lle din que levamos máis de dúas semanas co lixo acumulado e que alcaldesa dará unha escusa pero que á xente que ten o lixo acumulado diante dos morros non lle vale.

Sobre que ao voceiro do BNG non lle parece urxente di que está a facer política con CxG, que foi que arruinou o BNG de Muros, pero que non pretende entendelo porque se o entendera tería que ter dimitido hai meses. Que ten unha moción pendente de traer.

Sra. alcaldesa advírtea por segunda vez. Dille que se cinga á orde do día e que lle está faltando ao respecto a varias persoas da corporación.

A Sra. Monteagudo di que é evidente que hai un problema grave co lixo. Que tiñan prevista unha pregunta sobre este tema.

Que iniciamos esta lexislatura con problemas no lixo e que despois de dous anos seguimos con problemas e que non sabe se son os camións que se avarían pero que lle parece lamentable e penoso que non se faga ningún tipo de seguimento das incidencias nin se teñan en conta os incumprimentos da Mancomunidade.

Que non ve ningún problema para aprobar a moción xa que o que pide é que se recolla o lixo.

A Sra. González di que os contedores soterrados tamén e a Sra. Monteagudo dille que pedir si que se pode e que logo como se fai e canto custa que xa é outro tema.

O Sr. García di que o seu grupo está de acordo co contido da moción aínda que entenden que aprobala non vai levar a ningún lado. Que podería poñer: reclamarlle á Mancomunidade Serra do Barbanza que os novos camións estean habilitados para recoller os contedores soterrados.

Que polo que ten entendido os novos camións tampouco van estar habilitados para facelo.

A Sra. Monteagudo di que, polo que ela sabe, na licitación dos novos camións é unha mellora que poden presentar as empresas. Que tamén cre que iso custa diñeiro, pero que recollan o lixo hai que pedilo unha e mil veces e facer un seguimento das incidencias e darlle caña á empresa pois isto é un despropósito.

A Sra. González di que é verdade que é unha mellora porque así se pediu porque non é Muros o único concello que ten contedores soterrados, como Brión e Porto do Son. Que casualmente se estaban recollendo a excepción dos de Muros. E que será porque non se fixo unha xestión adecuada.

Que foi unha obra do seu partido co apoio do Partido Popular e que a idea era poñelos ata a Axesta e logo empezar polas parroquias.

Que tamén hai este tipo de contedores no polígono e que tampouco están funcionando.

Que ela xa sabe que a CxG lles gustan as cousas de antes pero que eles cren nos adiantos e cren que é fundamental soterrar o lixo para que non dea mal olor e ter unha boa imaxe da vila.

O Sr. García di que están de acordo que o lixo está mellor soterrado e que se os novos camións están adaptados para recollelo que será un grande avance, pero dubídao.

O Sr. Quintela, do grupo de CxG, intervén dicindo que ao pouco de entrar o seu grupo a gobernar, que se consultou coa Mancomunidade a posibilidade de recoller os contedores soterrados e lles comunicaron que había que dotar un dos camións que recollían en Muros, co sistema de elevación do que carecían polo que non podían entrar en servizo eses contedores.

Co tema de que se van comprar tres camións novos, na última xunta da Mancomunidade, que foron tanto a alcaldesa como el, os únicos que insistiron en que nos pregos de condicións para a contratación se puxera que contarían co sistema de elevación de contedores soterrados.

Que di que foron os únicos porque o resto de concellos que forman parte da Mancomunidade comentaron na propia xunta, que van eliminar os puntos de contedores soterrados.

Que se os camións van contar con ese sistema é porque eles o pediron.

Que evidentemente é un custo superior pero que consideran que levantar sete módulos de contedores soterrados é unha auténtica barbaridade. Que consideran que unha vez que se fixo a inversión o lóxico é que se manteñan.

Aclara que os camións aínda hai que comprarlos. Que se publicaron os pregos de condicións a semana pasada e que lles comentaron que a súa fabricación vai ser de seis meses.

Que a partir dese momento se valorará economicamente o que supón a recollida de contedores soterrados porque no contrato que hai, agora mesmo, entre Fomento e a Mancomunidade só figura a recollida de contedores en superficie.

Que Fomento está continuamente en preitos coa Mancomunidade e que se nega a facer calquera cousa que non estea recollida no contrato.

A Sra. alcaldesa engade que non só é mentira que se estean poñendo máis contedores soterrados, senón que se están sacando. Concretamente en Porto do Son que xa sacaron varios.

Que efectivamente o único concello que mostrou interese foi Muros porque están sen estrear e lles parece un auténtico despropósito que non entren en funcionamento.

Que se están mesturando dous problemas distintos, a recollida dos contedores soterrados coa recollida regular e axeitada do lixo.

Que eses problemas vainos haber igual. Que é un problema moito máis amplo, derivado de que hai uns doce anos a Mancomunidade asinou que se encargaría de renovar a flota de camións. Que non se fixo, que é agora cando se van mercar tres novos camións e que todo o problema deriva de aí.

Que a empresa di que os camións están vellos e cando hai un problema de que non recollen alegan que hai camións avariados.

Explica que na actualidade hai dúas persoas na Mancomunidade, secretaria-interventora e outra, que se encargan de inspeccionar as recollidas e ir ver aos talleres se realmente están os camións avariados e comprobando que si.

Continúa dicindo que para poñelos en marcha hai que valorar canto supón o incremento no prezo que tería que asumir Muros e valorar tamén cal é o custo do mantemento deses contedores. Que iso foi o motivo que espuxo o alcalde de Porto do Son para decidir retiralos.

Votación:

A favor: 10 (4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE e 2 do BNG)

Abstencións: 3 de CxG

Acordo:

Apróbase a moción presentada polo PSdeG-PSOE sobre a recollida dos contedores soterrados para que de forma urxente, vista a proximidade das vacacións do Entroido e Semana Santa se requira da PRESIDENTA DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA, para que se recollan ademais dos contedores en superficie os contedores soterrados, os cales se encontran, porque así se colocaron, nunha zona onde os camións non teñen ningún problema de acceso.

#### 4) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MURADÁN CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Debate sobre a urxencia:

A Sra. González defende a urxencia da moción pola proximidade do día 8 de marzo. Di que non teñen coñecemento de que haxa nada previsto para a conmemoración dese día e que prefiren ler agora o manifesto e non esperar ata dentro dun mes.

A Sra. Monteagudo di que o 8 de marzo, día das mulleres, é desde hai moitos anos que houbo tempo de presentala en prazo.

Que non teñen ningún problema que ao final do Pleno lean o manifesto pero que en canto a urxencia que todos e todas saben que o 8 de marzo é o Día da Muller e que ademais pensan que hai que ir un pouco máis alá dos manifestos e traballar de xeito máis pro activo nestes asuntos.

O Sr. García di que subscriben palabra por palabra o dito pola voceira popular.

A Sra. alcaldesa di que o 8 de marzo haino todos os anos e que este ao igual que todos, o Concello de Muros terá actividades de cara a ese día. Que tampouco entenden a urxencia da moción e si a necesidade de traballar neste eido.

Votación:

A favor: 4 votos do PSdeG-PSOE

En contra: 9 votos (3 de CxG, 4 PP e 2 BNG)

A Sra. González pide que a moción quede riba da mesa.

## 9 ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas do grupo popular:

*“Queremos iniciar esta quenda expresando o noso máis sentido pésame á familia das persoas falecidas o pasado venres nun tráxico accidente que sucedeu aquí mesmo, diante deste edificio no que agora nos atopamos.*

*Pensamos que sería conveniente que a Sra. alcaldesa convocase á xunta local de seguridade, contando coa participación dos servizos de emerxencia supramunicipais, para tratar de elaborar un plan local de seguridade vial no que se teñan en conta as características do noso concello como porto de mar. Parece unha actuación necesaria dados os accidentes dos últimos meses, e rogámoslle que, como presidenta desa xunta, valore esta petición.*

*-Iamos preguntar sobre o palco para o domingo de Entroido, pero xa vemos que está instalado o pequeno. Despois das queixas do ano pasado e do deslucido que quedou pola pouca visibilidade, non houbo tempo nun ano de adquirir ou reparar o palco grande para un acto tan importante para este concello como é o desfile de comparas? Queremos saber tamén onde vai a ser a festa do Castelo Rock, porque no seu cartel aparece situada no recheo e no cartel do Concello vén no Curro da Praza?*

*En relación coa información rendida ao Ministerio: o informe de Intervención correspondente ao 3º trimestre de 2016 ten data do 31 de outubro de 2016, e queremos saber por qué non se trouxo ao Pleno ata o mes de febreiro de 2017. Sería por qué no Pleno de novembro aínda estaba moi recente esa nota de prensa do 20 de novembro na que vostede e o concelleiro de Facenda falaban de redución de débeda. A nós non nos coinciden as cifras que aparecen nesa noticia coas do informe rendido. Non sabemos se se trata dun erro do periodista que fai a crónica, que acerta ou se equivoca segundo a vostedes lles conveña.*

*-Di na resolución de prórroga do orzamento que foi imposible aprobar os orzamentos para o 2017. O que foi imposible foi que o goberno de CXG fixeran os orzamentos, non que se aprobaran. Ou é que se trouxeron a Pleno e non se aprobaron?*

*-Queremos saber se existe algún problema co persoal do CIM?*

*-Iniciamos a lexislatura con problemas na iluminación pública e na recollida de lixo (entre outros), case que dous anos despois seguimos con eses mesmos problemas. Non teñen pensado presentar ningunha queixa ou reflectir dalgún modo os incumprimentos da empresa coa recollida de lixo? Puxeron no Facebook oficial do Concello un pantallazo dunha incidencia que emite a empresa. Dende o Concello non se fai seguimento dos incumprimentos de Fomento na recollida de lixo no noso concello?*

*-A veciñanza de Louro quéixanse dos cortes de luz, que ao parecer, son máis frecuentes e con maior duración que os do resto do concello. Non se pode facer ningunha xestión dende o Concello para tratar de solucionar ou paliar este problema?*

*-Para cando se vai iniciar a construción da pista do colexio de Esteiro, que xa ía estar para o curso 2015-2016?*

*-Un rogo reiterado en relación coa praia de Somorto: en varias ocasións solicitamos que se cortara o pino que está sobre a praia, por risco de caída. A solución do Concello, por indicación do concelleiro de Urbanismo, foi mandar facer unha parede de pedra, coa finalidade, supoñemos, de que aguantara a zona de terra na que está o pino. Pois ben, como era previsible e xa lle anunciamos no seu día, o mar labrou no muro, e agora o que está en risco de caída é o pino máis o muro. Cartos do Concello e tempo dos traballadores perdido, dobremente, porque agora terán que ir amañar ou desfacer o muro, e probablemente cortar o pino, cando a xestión que había que facer era ben fácil, porque de seguro que algunha das persoas que se dedican á poda cortaba o pino a cambio do aproveitamento da madeira.*

*-Fixeron efectivas as xestións anunciadas en relación co cambio de situación dos contedores que están na beirarrúa da Ribeira de Creio, no cruce coa baixada a Freixeiro?*

*-Que pasa coa Mancomunidade da Auga? Pasan os meses e non temos coñecemento de que se estea a facer ningunha xestión neste asunto. A prórroga do servizo rematou, polo que agora mesmo estase prestando en precario, resulta MOI PREOCUPANTE este silencio pola súa parte. Iniciouse o procedemento de elaboración de pregos para unha nova contratación? Cal é a situación dese famoso informe de Intervención que están elaborando para a reclamación do canon? Existe por parte da empresa algún documento no que se recoñeza a débeda que mantén co Concello de Muros?"*

A Sra. alcaldesa di que toma nota dos rogos.

- Sobre o palco dille que é o pequeno e que a diferenza con respecto ao ano pasado é que vai haber unha carpa e o público vai ter cadeiras para estar sentando polo que a visibilidade vai ser mellor que o ano pasado.

Que é o palco con cadeiras que se utiliza nos festivais de grupos de música e baile folclórico, que o utilizaron todo o verán e que a agora a maioría das agrupacións é o que piden.

Que este ano ao estar a xente sentada a visibilidade vai ser moito mellor que o ano pasado.

Que o palco grande non está en condicións de soportar enriba del, bailando, un grupo de 40, 50 ou 60 persoas que pode ter nunha comparsa.

Que non asumen o risco de colocar ese palco porque non reúne as condicións.

Que mercar un palco significa unha inversión que este ano non puideron facer.

Que a festa do Castelo Rock vai ser na carpa e que no cartel do Concello xa pon correctamente onde vai ser.

Á pregunta da voceira popular de se organiza o Castelo Rock, a alcaldesa contesta que si, coa colaboración do Concello.

-Sobre a información rendida ao Ministerio que non sabe porque non se levou antes e o concelleiro de Facenda, o Sr. Uhía, contesta que se errou no envío e se mandou só o informe de morosidade e non o 3º trimestre.

-Sobre o persoal do CIM, a Sra. alcaldesa di que non sabe de ningún problema e que preguntará se hai algún que non lle comunicaran.

-Sobre as queixas pola recollida de lixo que xa quedou claro no debate da moción do Partido Socialista.

-Sobre os cortes de luz en Louro, o Sr. Quintela, explica que hai dous transformadores e dependendo do corte queda sen luz unha zona ou outra. Que ao igual que en Louro houbo cortes en Torea incluso durante máis tempo.

Que ao parecer Fenosa quere conectar o tendido que chega ata a depuradora co de Louro e suponse que se sirve subministro pola parte de Muros, haberá tres liñas e que, en principio, serán menos os cortes.

Á pregunta da voceira Popular, de que se en Torea foi un cable que tirou o vento, o Sr. Quintela di que as incidencias coñéceas Fenosa.

A Sra. Alcaldesa di que falou cunha persoa da empresa a raíz dos temporais que causaron moitos danos e que tiveron que colocar xeradores en varios puntos.

Que logo cando retiraron os xeradores que houbo varios cortes derivados dos traballos.

Que do que a Sra. alcaldesa ten coñecemento, os problemas que houbo foron debidos aos temporais.

-Sobre a construción da pista do cole de Esteiro que tiñan unha memoria feita e orzamentos pedidos e recollidos pero que xurdiu a oportunidade de aproveitar unha subvención para facer a pista e mellorar o parque infantil do Artón polo que a solicitaron para esas dúas actuacións.

Sobre cando se vai iniciar a construción di que non sabe o que tardará a subvención pero que de contado porque xa contaban igual con esa partida.

Explica que co mesmo gasto municipal se fan as dúas obras e que non van tardar en iniciala.

-Sobre o cambio de sitio dos contedores, que seguen pendentes.

-Sobre a Mancomunidade de Auga, que a interventora segue traballando con toda a documentación que lle solicitaron e achegou a empresa.

Que esta última temporada houbo unha saturación de traballo en Intervención, co POS, cos orzamentos que están preparando e co recoñecemento que levaron a Pleno. Que o departamento estivo especialmente ocupado pero que segue traballando no asunto.

Sobre a redacción de pregos, que teñen as ofertas e falta ter acreditada a achega de cada concello para poder facer efectiva a adxudicación.

Sobre si existe algún documento no cal a empresa recoñeza a débeda co Concello de Muros, a Sra. alcaldesa di que cre que si hai un documento onde a recoñece desde o 2013.

Rogos e preguntas do Partido Socialista:

-A Sra. González pregunta se dixo, en relación a Espina&Delfín, que ten as ofertas das empresas.

A Sra. alcaldesa contesta que para a elaboración de pregos.

-Continúa a Sra. González e pregunta cando remata a prórroga que ten concedida a empresa.

-Que manda a avogada do CIM ir un día a Carnota e pregunta quen paga ese servizo. Se se paga cos impostos da veciñanza de Muros ou paga o Concello de Carnota.

- Que pasou coa denuncia de CCOO.

-Sobre o que dixo a Sra. alcaldesa de que non se podía mercar un palco, pregunta se dixo que vai poñer cadeiras ou dixo gradas. E se non hai orzamento para alugar un palco.

-Que criterio se tomou para pasar ao Policía Local a segunda actividade, sabendo as deficiencias que hai de Policía Local na rúa.

-Se fixeron algunha xestión con respecto á inseguridade que hai no círculo de rapaces/zas que hai cerca do Chalón. Que xa o pediran no Pleno anterior e ao parecer non se mandou Policía Local nin garda civil.

Que ao parecer non é un sitio moi recomendable e desde o Concello non se fixo nada.

-Que queren saber onde traballa e a que horas o concelleiro de Facenda e Deportes pois lle din que ten un despacho na piscina. E se para falar con el de calquera cousa hai que ir á piscina. E que horario ten.

Pregunta tamén se a interventora vai algúns días á piscina.

Sra. Maneiro:

-Se se pode apañar a franxa do Concello no polígono.

-Que os GES seguen sen guantes desde o Pleno pasado.

-Que hai restos de obras e poda xunto aos contedores de Portocarral e o convento, en Louro e xunto o colexio de primaria, en Serres.

- Se se pode rematar a poda na Rocha e recoller os restos.
- Se saben cando vai empezar o arranxo do paseo de Louro, xunto ao Enxebre, onde caeu a árbore.
- Se no colechio de Louro se pode rebaixar a altura das árbores debido a que no último temporal caeron varias polas e fixeron dano no colechio.
- Que no cruce da Moreira, en Louro, onde está o transformador, cando chove acumúlase moita auga e entra nos baixos dalgunhas casas. Se se podería limpar esa *taxea*.
- Se hai data para o comezo das obras do sumidoiro da zona da Rocha.
- Que a beirarrúa que vai desde o Arela ata Portocarral, en Louro, que necesita que a apañen e a limpen.
- Que se necesita un punto de luz nas escaleiras do cruce entre o Savila e o bar California.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- Sobre a prórroga de Espina&Delfín, que rematou.
- Que a avogada do CIM vai a Carnota porque hai un convenio co Concello de Carnota polo que vai os luns de 10.00 a 12.00 h.
- Sobre a denuncia que CCOO, que foron á Inspección de Traballo e que lle achegaron toda a documentación que lle requiriron.

Que se reuniron coa inspectora de Traballo, ela, o axente de emprego e os/as representantes dos traballadores.

Que a inspectora quedou en convocar unha nova reunión.

Que faláron, sobre todo, dos trienios e da equiparación dos temporais aos fixos e que había acordo. Que a propia inspectora quedou en comprobar se podía haber algún conflito entre a obriga da equiparación e o decreto dos recortes, que impide o incremento da masa salarial.

Que se o incremento de gasto, debido a equiparación de temporais con fixos, era inasimilable para o Concello que tanto os representantes dos traballadores como a inspectora dixeron que aceptarían que se fixera de xeito gradual.

Que na Inspección lle dixeron que ían mandar un requirimento pero aínda non chegou nada.

-Sobre o alugar un palco para o Entroido, que preferiron gastar a partida que tiñan noutras actividades.

-Sobre a 2ª actividade dun Policía Local que o único que fixeron foi darlle a un funcionario do Concello o que ten dereito por lei. Que reúne os requisitos, lle corresponde, ten dereito e entenden que non lle poden negar algo ao que ten dereito.

-Sobre a inseguridade na zona do Chalón que volveron falar coa Policía Local e coa Garda Civil, outra vez, para que intensificaran as visitas á zona e que fixeran o posible para que deixara de haber as actividades, que ao parecer hai alí.

-En relación a onde e a que horario ten o concelleiro de Facenda, o Sr. Uhía contesta que co sistema informático que hai agora mesmo no Concello, que vale calquera ordenador e que hai ordenador na piscina, na casa da cultura e no despacho. Que lle chega todo tanto ao ordenador como ao móbil. Que para falar con el poden ir a calquera sitio.

A Sra. González di que no Concello non está.

A Sra. alcaldesa di que ao igual que o resto de membros do goberno, está onde o seu traballo na corporación lle require. Que ás veces está na Concello, na piscina ou nalgunha instalación deportiva. Que está onde se require a súa presenza.

-En relación ao de apañar e limpeza, que supón que son rogos, que toma nota e llo trasladan á brigada de obras.

-Sobre o remate da poda na Rocha, que cre que lle quedou unha árbore e que dixeron que estaban pendentes de ir rematar.

-Que o inicio do arranxo do paseo de Louro que o vai acometer a brigada de obras e que irán cando rematen os traballos que teñen empezados. Que non saben exactamente que día.

O concelleiro de Obras e Medio Ambiente, o Sr. Quintela, engade que as pezas rotas xa se encargaron e que parte do paseo é plástico reciclado polo que os períodos para conseguilo son máis longos.

Á pregunta da Sra. González se o arranxo se vai pagar coa subvención dos danos polos temporais, o Sr. Quintela contesta que pediron ao xefe da Demarcación de Costas que se fixera cargo do arranxo.

Tanto a Sra. González como a Sra. Monteagudo apuntan que saíu unha orde do Ministerio para mandar a valoración dos danos do temporal e a Sra. alcaldesa di que o mirarán.

-Sobre a baixada das árbores do cole de Louro, que é algo que xa teñen anotado para facer a brigada.

A Sra. Maneiro pide que se faga nunha época que non haxa clase.

O Sr. Quintela di que foran a semana pasada sacar as pólas que se ven podres ou con perigo de caer e que lle fixeron un derramado ata onde permitía a altura da carroceta e que lle comentaron que o conveniente é rebaixarlle a altura e incluso, ao mellor, sacalos.

-Sobre a acumulación de auga da Moreira, a Sra. alcaldesa di que lle comentaron que entra auga nalgunhas casas desde que a Deputación fixo o arranxo da estrada.

A Sra. Maneiro di que alí sempre se acumulou auga e a Sra. alcaldesa dille que faláron coa Deputación e que foi a brigada de obras e estivo limpando as rexillas.

O Sr. Quintela explica que foi nas choivas anteriores cando unha veciña manifestou que lle entrara auga no baixo, e que coa nova pavimentación da estrada modificaron a pendente e elevaron a cota co que é máis fácil que lle vaia auga para o baixo. Que nese momento se foi mirar o tubo que hai xunta ao transformador e que estaba atascado con terra e que o GES fixo a súa limpeza.

Que o certo é que cando baixa moita auga a sección do tubo non é suficiente para asumir o caudal que baixa, polo que desborda. E a modificación da pendente con elevación do pavimento empeora a situación.

Que xa faláron coa Deputación para que no tramo que vai do Savila ao Centro Social, en vindeiras actuacións de mantemento, poidan facer unha gabia en condicións para que recolla a auga e incluso a posibilidade de meter tubo e facer un pouco de ampliación do que é a plataforma.

-Sobre a data de comezo das obras da Rocha, a Sra. alcaldesa di que hai un problema importante. Explica que se adxudicou a obra e se requiriu a empresa para que aportara a documentación e achegouna. Chamouse para asinar o contrato e asinouno. E que o día que se foi facer o replanteo, a empresa comunicou que renunciaba.

Que ao día seguinte a empresa presentou a súa renuncia por escrito e que se están facendo os trámites para empezar de novo o procedemento de adxudicación.

Rogos e preguntas do BNG:

*“Nos últimos temporais púxese de manifesto que as obras de remodelación do Curro da Praza deixaron serias deficiencias no desaugue e drenaxe da auga cando chove un pouco máis abundantemente do habitual. Queremos saber se a obra está aínda en garantía. Se é así, se o Concello vai reclamarlle á empresa adxudicatária que solucione este grave problema. Se non é así, queremos saber que medidas vai tomar o goberno para evitar que se repitan os asolagamentos nos baixos comerciais da praza.*

*A semana pasada, un terrible e lamentable accidente no paseo marítimo deixou dous falecidos, ao precipitarse ao mar o coche no que se atopaban. Sen intención de levantar polémicas ao respecto, desde o grupo municipal do BNG queremos saber se Protección Civil, o GES e a Policía Local están preparados para intervir neses casos. Se non é así, rogamos*

*que desde o goberno municipal se tomen as medidas necesarias para garantir a correcta formación dos distintos corpos de seguridade e emerxencias do Concello ante este tipo de accidentes, e evitar que no sucesivo, o auxilio ás vítimas chegue lamentablemente tarde.*

*Segundo nos comunicaron desde a Asociación de Veciños de Abelleira, está solucionado xa o problema de localización dun terro para a colocación da antena de repetición de sinal de TV. Preguntamos, unha vez que está resolto este atranco, cando se vai executar a colocación.*

*Queremos saber se hai avances nas conversas con Telefónica para dotar de ADSL as parroquias de Abelleira e Torea.*

*Sábese algo da reclamación feita a Costas sobre as obras na illa de Creba?*

*No Pleno de novembro preguntaron porque non se abonaron as nocturnidades á brigada de incendios contratada no verán. No Pleno do mes pasado volvemos preguntar sen obter resposta a día de hoxe. Temos resposta?*

*Hai meses que recuperamos a Praza de Galiza para a súa vida útil, pero a día de hoxe seguimos sen avanzar no Plan de dinamización do casco histórico que aprobamos nesta corporación. Vai convocar o goberno municipal a mesa sectorial para comezar co plan? Pasan os meses e non hai ningún movemento.*

*Vimos que estes días houbo avances na recollida dos troncos dos pinos que caeron no Espadanal. Cando se vai amañar o tramo do paseo afectado?*

*Na estrada de Abelleira a Torea, hai dous paus da luz de que por motivo dos temporais desprendéronse da súa fixación. Un foi amañado nestes días, pero o que se atopa no Seixal non, e atópase amarrado polos propios cables da luz. Ten constancia de cando se amañarán?*

*Na estrada C550, a altura do Salto, hai un cable eléctrico colgando, que dá a sensación de atoparse en circuíto pechado, xa que ás veces pode verse nun ton vermello intenso. Rogamos que se amañe canto antes.*

*Rogamos que desde o Concello se programen eventos reivindicativos e de concienciación social con motivo do "Día Mundial da Muller" e do "Día Mundial do Trastorno do Aspecto Autista".*

*Rogamos, unha vez máis, que se elabore un Plan de mantemento para poder atender de xeito eficiente a todos os espazos públicos do Concello. Nomeadamente, rogamos que se amañe a fochanca na costa da Tremenda e se adecúe o pavimento da estrada de acceso a Xalfas.*

*Rogamos que se dote de conexión RG a internet o local social de Soborribos, xa que é un espazo con moita actividade veciñal, e pode axudar a corrir temporalmente a carencia de ADSL na parroquia.*

*Rogamos que se recupere a liña de autobús que saía de Muros e enlazaba en Suevos coa liña que vai ata a cidade da Coruña.*

*Rogamos que se convoque unha xunta da Mancomunidade de Auga.*

*E por último, rogamos que o goberno presente no próximo Pleno unha proposta de aprobación dun regulamento paras os procesos de selección."*

*-A Sra. alcaldesa contesta que non sabe se está en garantía a obra que se fixo no Curro da Praza. Que o que lle comunicaron os técnicos do Concello é que hai un problema coas tubaxes, que algunhas son demasiado estreitas e outras están literalmente tapiadas.*

*Que é un problema serio que ten que ver co que falaban antes da obra do Chalón.*

*-En relación ao accidente no paseo marítimo, que non sabe se teñen a preparación específica para este tipo de casos pero o que si sabe é que foi un tipo de accidente no que cada minuto é vital. Que en canto tiveron coñecemento foron e fixeron o que puideron.*

*Que non sabe se se pode mellorar a formación neses casos pero que hai situacións nas que é cuestión de tempo e non só de formación.*

*Que mirarán de mellorar a formación, que é algo que xa levan facendo desde a que están e de feito que xa fixeron algún curso.*

Que é practicamente imposible prever todo tipo de desgrazas e accidentes que poden acontecer.

-Sobre a localización do terreo para a colocación dunha antena na Abelleira que falta falar coa dona para que ou o ceda ou o venda. Que irán nestes días.

Que o terreo cumpre coas condicións axeitada, con patrimonio, sinal de tv..

-Sobre o ADSL, o Sr. Uhía, di que aproveitando que está canalizado o tema da tv, a ver se é factible colocar na antena un amplificador do sinal. Que esta semana ten unha reunión cun operador.

-Sobre as obras da Creba, a Sra. alcaldesa di que seguen igual.

-Sobre as nocturnidades da brigada confesa que non se lembrou.

-Que se vai convocar a mesa sectorial. Que está o axente de emprego co tema.

-Sobre o pau da luz na estrada de Abelleira ao Seixal, que llo van comentar ao electricista.

-Sobre a liña de autobús de Muros a Suevos, que están na Consellería traballando para modificar o servizo de transporte de viaxeiros, con transporte a demanda, e que tiveron unha reunión en Santiago na que lles explicaron o tema e posteriormente lle mandaron un cuestionario para facer peticións e unha delas, entre outras, foi a problemática que hai con esa liña. Que en teoría esa liña está operativa pero a realidade é que non está funcionando.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as vinte e tres horas e cinco minutos. Dou fe.

O secretario accidental